CONCELLO D OROSO

TrOita

Nº 41 Boletin Informativo do Concello de Oroso Agosto 2016

AGOSTO 22/8 02/9

Música, cine, maxia, viaxes, inchables... e máis sorpresas na Semana Cultural

Un ano máis a **Semana Cultural de Oroso** volve á súa tradicional cita connosco durante a segunda quincena de agosto. Case dúas decenas de actividades para un público familiar durante once días: música, cine, maxia, excursións, inchables... e moitas, moitas sorpresas. Anímate e participa!!!

Luns 22. **Excursión ao Aquapark de Cerceda**. Maiores de 8 anos empadroad@s.

Martes 23. **Xincana Lingüística** (11:30h) no exterior da piscina para nen@s de 6 a 12 anos. Inscricións no centro cultural ata o 22 de agosto. E **Monicreques Mircromina** (19:30h) presenta "Vacacións no mar", no exterior da piscina municipal.

Mércores 24. **Maxia cómica** coa compañía Mundo Mandarina e o espectáculo "O meu avó é mago". Exterior da piscina municipal.

Xoves 25. **Inchables na piscina municipal** (de 11:00 a 13:00h e de 16:00 a 19:00h). **Festa da Escuma** (19:15h). A entrada á piscina será gratuíta.

Venres 26. **Xincana** no exterior da piscina municipal (11:00h) para nenos/maiores de 6 anos. **Actuacións musicais** na Praza de Isaac Díaz Pardo: La Trova Coruñesa (21:30h), Asociación Cultural Amigos do Acordeón (22:30h) e Grupo Pacífico (23:30h).

Domingo 28. **Torneo de fútbol do Concello de Oroso** (17:30h). Campo municipal de Deixebre. Encontros do Sigüeiro FC – SD Deixebre – Sigüeiro B –ED Xuventude Oroso.

Luns 29. **Aéreos Kanbahiota** (19:30h) co espectáculo "La Coquette". Exterior da piscina.

Martes 30. **Circo** (19:30h). Duelirium presenta "Welcome" na Praza de Isaac Díaz Pardo.

Mércores 31. **Noite de cine** ao aire libre. "Aviones, equipo de rescate" na Praza de Isaac Díaz Pardo. Dirixida ao público infantil.

Xoves 1 de setembro. **Maxia** (de 11:30 a 13:30h e de 16:30 a 20:30h). "El baúl del mago Rafa". Praza de Isaac Díaz Pardo.

Venres 2. **Actuacións musicais**: Gramola Gominola (19:30h), no exterior da piscinal. Pepe Piña (21:00h) e Concerto dos profesores da Escola de Música José Verea (22:00h), na Praza de Isaac Díaz Pardo.

Máis información e inscricións no centro cultural (981 690 903) ou www.concellooroso.com. En caso de choiva, as actividades trasladaríanse ao auditorio do centro cultural de Sigüeiro.

liña VERDE SMART CITY

Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible

AGOSTO 26

O Concello organiza saídas á praia para maiores de 60 anos

Logo da gran participación na viaxe a Portugal (na que 45 maiores visitaron Góis, Aveiro, Figueira da Foz, Coímbra e Porto), o Concello de Oroso organiza saídas á praia de Cabanas (A Coruña) dirixidas tamén a veciños e veciñas maiores de 60 anos e as súas parellas. As próximas citas deste programa "Imos á praia" serán o 26 de agosto e o 30 de setembro, polo que aqueles maiores que desexen participar deberán anotarse na Casa do Concello.

A concelleira de Maiores, Vanesa Boo, explica que "diante do éxito acadado na excursión a Portugal e as peticións realizadas polos nosos maiores, decidimos poñer en marcha o programa 'Imos á praia', no que o Concello custeará o gasto do autobús mentres que os participantes decidirán se participan ou non no xantar que se celebrará nun restaurante da zona".

Maiores de Oroso na praia de Figueira da Foz

Biosaudables instalados no campo da festa de Oroso

O Concello mellora o parque infantil de Oroso e instala biosaudables para maiores

O Concello de Oroso vén de rematar as obras de mellora do parque infantil da parroquia de Oroso, onde arranxou os aparellos para os nenos e instalou un novo chan de caucho antideslizante. Trátase dun pavimento máis duradeiro, limpo, hixiénico e seguro para os nenos e nenas que utilizan estas instalacións. A maiores, colocáronse tres aparatos biosaudables para que os veciños e veciñas da parroquia poidan exercitar as diferentes articulacións dos seus corpos e que están indicados para mellorar as funcións cardiovascular e respiratoria, fortalecer a musculatura, favorecer a flexibilidade e a axilidade e potenciar a coordinación xeral do corpo, especialmente dos nosos maiores. Deste xeito, o Concello de Oroso continúa a cumprir o seu compromiso de levar estos aparellos ás parroquias, logo dos instalados en Sigüeiro, Gándara, Marzoa, Os Ánxeles ou Vilarromariz.

O alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Obras, Eduardo Veiras, na acta de replanteo das obras cos deputados provinciais José M. Pequeño e Antonio Leira

A senda peonil entre A Gándara e Vilarromariz estará lista a finais de ano

O alcalde Manuel Mirás asistiu á acta de replanteo das obras de mellora da seguridade viaria na DP-3801 de Sigüeiro a San Mauro, orzamentadas en 148.381,77 euros e que contemplan a construción dunha nova **senda peonil** de 2 metros de ancho que conectará as beirarrúas xa existentes entre os puntos quilométricos 2 e 3+280 desta estrada. O alcalde agradeceulle á Deputación Provincial da Coruña, representada polos deputados de Obras, José Manuel Pequeño; e Economía, Antonio Leira, "a posta en marcha dunha obra que a poboación de Gándara e de Sigüeiro nos estaba pedindo dende hai tempo, pero que non foi admitida polo anterior Goberno do PP na Deputación durante os seus catro anos de mandato". Mirás Franqueira amósase convencido de que "será unha senda cun alto grao de utilización por parte dos veciños e veciñas, xa que se trata dunha zona moi axeitada para pasear e comunicarse a pé coa capital municipal".

As obras, adxudicadas á empresa Excavaciones y Obras Marcos, teñen un prazo de execución de catro meses, polo que a senda peonil entrará en funcionamento antes de que remate este ano 2016. Os traballos consistirán na construción dun novo andén peonil de 2 metros de ancho pola marxe dereita da estrada DP-3081, entre os puntos quilométricos 2 e 3+280. A senda terá as mesmas características cas outras sendas peonís do municipio: mistura bituminosa en quente e bordillo de formigón. Nalgúns puntos contémplase tamén a execución dun muro de escollera para estabilizar taludes, así como a colocación de barandillas de madeira de pino nalgúns tramos para garantir a seguridade.

Oroso incorporará o pádel ás súas escolas deportivas

O Concello de Oroso incorporará este ano o pádel ás súas escolas deportivas. Así o confirma o concelleiro de Deportes, Luís Rey Villaverde, quen adianta que "estamos traballando para poder incorporar en setembro a modalidade de pádel entre as escolas deportivas que se imparten en Oroso e incrementar así as disciplinas deportivas ás que teñen acceso os nosos nenos e nenas".

Martes de Entroido e San Roque, festivos locais para 2017

O Pleno municipal ordinario do pasado mes de xullo aprobou por unanimidade os días festivos locais, de carácter retribuído e non recuperable, no ámbito do termo municipal de Oroso para o ano 2017. Estes dous días, como xa vén sendo tradicional, serán o Martes de Entroido (28 de febreiro) e o Día de San Roque (18 de agosto).

CONCELLO D OROSO

Edita e imprime:
Concello de Oroso

Telfs: **981 691 478**
981 690 903

www.concellooroso.com
info@concellooroso.com

FOI NOTICIA...

O presidente do Celta clausura o Campus de Verán con 52 alumnos

Clausura do Campus de Verán do Celta

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, e o presidente do Real Club Celta de Vigo, Carlos Mouriño, clausuraron o **campus de fútbol** da Fundación Celta de Vigo en Oroso, que se celebrou durante este mes de xullo e no que participaron un total de 52 nenos e nenas de entre 4 e 16 anos. Un acto no que tamén participaron o director da Fundación Celta de Vigo, Germán Arteta Torres; o presidente da ED Xuventude Oroso, José Ferro Calvo; así como directivos do Sigüeiro FC e do equipo técnico do campus. Carlos Mouriño explicoulles aos rapaces que "el fútbol es un mundo de diversión. Hay que divertirse y pasarlo bien. Ahora no toca pensar en nada más". Un punto no que coincidiu o alcalde orosán, quen salientou que "o fútbol é para divertirse, pero ademais para ter mellor saúde, para facer amigos e para ser mellores persoas".

Parabéns ao xogador do Club Xadrez Oroso, Martín Pena Varela, quen gañou o Torneo Villa de Gijón na categoría Sub-1800. Martín fixo un gran torneo e acadou o primeiro premio de Sub-1800 e a cuarta posición de Sub-2000.

Centos de veciños e veciñas participaron na festa de clausura dos cursos de natación de Oroso, nos que tomaron parte un total de 156 persoas (140 nenos e 16 adultos), o que significa un 20% máis ca no ano anterior.

A pesar do cartel, nas obras da **saída sur da AP-9** nin hai maquinaria nin moito menos en movemento. Este mes cúmprese un ano da data inicial dada por Fomento para a finalización dos traballos, coas obras paralizadas dende outubro.

Axenda: Agosto

1 - Inicio da primeira quenda de agosto do Summer Camp

5 - Campamento xuvenil a Nigrán, con 30 nenos/as de 7 a 14 anos.

8 - Apertura de inscricións na excursión ao Aquapark e na Xincana Lingüística

11 - Apertura de inscricións na Xincana do 26 de agosto

15 - Fin da primeira quenda de agosto do Summer Camp

16 - Inicio da segunda quenda de agosto do Summer Camp

18 - Fins de inscrición na excursión ao Aquapark de Cerceda

22 - Excursión ao Aqupark Cerceda
- Fin de inscricións na Xincana Lingüística

23 - Xincana Lingüística (11:30h)
- Monicreques Mircromina, "Vacacións no mar" (19:30h)

24 - Mundo Mandarina, "O meu avó é mago" (19:30h)

25 - Inchables na piscina (de 11 a 13 e de 16 a 19:00 h)
- Festa da Escuma (19:15h)

26 - Xincana (11:00h)
- La trova Coruñesa (21:30h)
- Asociación Cultural Amigos do Acordeón (22:30h)
- Grupo Pacífico (23:30h)

28 - Torneo de Fútbol do Concello de Oroso (17:30h). Campo municipal de Deixebre. Encontros do Sigüeiro FC, SD Deixebre, Sigüeiro B e ED Xuventude Oroso

29 - Aéreos Kanbahiota, "La Coquette" (19:30h).

30 - Duelirium (circo) "Welcome" (19:30h)

31 - Cine: "Avións, equipo de rescate" (22:00h)

E EN SETEMBRO...

1 - "El baúl del Mago Rafa" (de 11:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30h)

2 - Gramola Gominola (19:30h)
- Pepe Piña (21:00h)
- Concerto dos profesores da Escola de Música (22:00h)

10 **- FESTIVAL FOLK NO CARBOEIRO**
- INAKUGURACIÓN DE GÓISOROSOARTE